



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

22/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 30 DECEMBRO DE 2020.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 30 de decembro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández (que toma posesión no punto número dous da orde do día da presente sesión), D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 12.11.2020 (20/2020) E 25.11.2020 (21/2020).

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, boas tardes. Comezamos a sesión ordinaria do Concello Pleno, última convocatoria deste ano, e bueno, en primeiro lugar imos facer o punto un, que é a aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 12.11.2020 e 25.11.2020. Comezamos pola do doce do once, ¿algo sobre as actas?, votamos, votos a favor... todos a favor ¿non?. Ah... absteste ti Iván. Si. Vale.

O Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (5 PP, 2 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e coa abstención do concelleiro D. Iván Martínez González, por non ter asistido a sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 12.11.2020 (20/2020).

Sr. Alcalde (que traducido di): E a acta do día vinte e cinco do once, ¿algo sobre a acta?, votos a favor, abstencións... vale.

E o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (5 PP, 2 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e coa abstención do concelleiro D. Iván Martínez González, por non ter asistido a sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:



Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 25.11.2020 (21/2020).

2.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA DE DÑA. MARÍA IRENE TOIMIL FERNÁNDEZ, DA CANDIDATURA DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto segundo, que é toma de posesión do cargo de concelleira de Dna. María Irene Toimil Fernández, da candidatura de Esquerda Unida-SON En Común. Bueno e... bueno, benvinda Irene, ímoste a pasar a formular o xuramento segundo o artigo un do Real Decreto 707/1979 do 5 de abril. Non sei si o secretario quere comentar algo. ¿Queres comentar algo?.

Sr. Secretario (que traducido di): Si. Nada. Simplemente comentar que consta que Dna. María Irene Toimil Fernández presentou na secretaría do Concello declaración de bens patrimoniais e participación en sociedades e as posibles causas de incompatibilidades e as actividades que lle proporcionan ou pódennlle proporcionar ingresos. Non declara estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade e polo tanto corresponde agora que se proceda á toma de posesión.


Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois entón imos aló. Dna. María Irene Toimil Fernández, ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?.

Sra. Toimil Fernández: Prometo.

Previa acreditación da súa personalidade, e previo cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo consta no informe emitido polo secretario da corporación en data 17.12.2020, obrante no expediente, pola Presidencia procédese a tomar xuramento ou promesa do cargo de Concelleira a Dna. MARÍA IRENE TOIMIL FERNÁNDEZ, integrada nas listas de candidatos de Esquerda Unida-SON En Común ás eleccións locais do 26 de maio de 2019, segundo a fórmula establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, contestando a interesada que "PROMETO".

Acto seguido, o Sr. Alcalde da posesión do cargo de concelleira a Dna. MARÍA IRENE TOIMIL FERNÁNDEZ quen toma posesión en substitución, por renuncia, de D. Genaro Prieto Iglesias.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois nada, damos por feita a toma de posesión. Benvinda á corporación Irene.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sra. Toimil Fernández (que traducido di): Grazas.

3.- CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19: SOLICITUDE DE ADHESIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto terceiro. Convenio entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19, solicitude de adhesión. ¿Queres argumentar algo?. Veña Miguel, tes a palabra.

Sr. Mahía Prados: Vale. Grazas e boas tardes. Primeiro... bueno, en nome do grupo do Partido Popular dar a benvida á concelleira Irene Toimil. E referente a este tema do convenio, bueno, ven ditaminado pola... pola comisión pertinente da comisión de facenda, trátase do convenio para poder tramitar as sancións recollidas dende... bueno, da duración do Estado de Alarma e o que ben sendo toda a súa tramitación, ven ditaminado favorablemente da comisión e agora corresponde o trámite plenario para poder dar a súa... o seu trámite final, e poder sumarnos ao trámite que xestiona a Xunta.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben. Palabras, abrimos un turno se hai palabras. ¿Palabras?. Si, primeiro turno só Gemino. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno. Boa tarde a todos e a todas. Ante todo darlle a benvida á nova concelleira de Esquerda Unida e desexarlle o mellor no desenvolvemento da súa labor como concelleira. En canto ao do convenio, bueno, eu creo que quen ten as competencias exclusivas en materia de sanidade é a Consellería e entón entendo que ten que ser ela a que tramite estas sancións. E por outro lado penso que o que se nos está a vender agora é como un favor ao que tería que facer a Consellería como unha obriga. E a parte diso, tamén recurrir ao argumento de que os alcaldes e alcaldesas son as autoridades sanitarias no seu territorio paréceme un pouco rebuscado, cando na primeira vaga desta pandemia non recibían nin tan sequera os datos do número de persoas infectadas no seu Concello. Pero bueno, nós non vamos a descargar a culpa do Partido Popular no noso Concello senón o que estaríamos facendo é xustamente o contrario, é dicir, obrigar ao Concello a que tivera que tramitar el as denuncias. E polo tanto, como entendemos que é unha obriga da Consellería



Concello de Mugardos
(A Coruña)

imos... aínda que na comisión pertinente nos abstivemos, imos a votar a favor a sinatura deste convenio para non prexudicar ao noso Concello, que para iso xa temos a Feijóo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, bueno, pois se hai un segundo turno, se alguén quere segundo turno se abre un segundo turno. ¿Palabras?. Miguel... Miguel só. Veña Miguel.


Sr. Mahía Prados: Simplemente por aclarar. O convenio, quen é o encargado da Xunta é a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, que é a FEGAMP. É un acordo entre a FEGAMP, que é onde estamos tódolos concellos, e a Vicepresidencia Primeira da Xunta, que é Xustiza... non entendo porque trae aquí a Consellería de Sanidade, sobre todo cando as sancións as pon a Policía Local. Pero bueno, era simplemente aclarar esta cuestión.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois se non hai máis palabras pasamos á votación do punto. Votos a favor.... unanimidade.

Pola Dirección Xeral de Administración Local tense remitido o Convenio entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19, e cuxa vixencia se estende dende a data da súa sinatura ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego.

E unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 18.12.2020, os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada en data 23.12.2020, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao Convenio entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19, e, en consecuencia, manifestar a vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Segundo.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a efectiva adhesión do Concello de Mugardos ao citado convenio.

4.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº. 8/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto cuarto, que é recoñecemento extraxudicial de créditos 8/2020. Pode falar o concelleiro de facenda.

Sr. Mahía Prados: Grazas, e... Bueno, este é o último... é o derradeiro recoñecemento extraxudicial de crédito deste ano, e este recoñecemento extraxudicial de crédito ven ditaminado pola comisión de facenda pertinente, nel englobase o que sería o pago da débeda co Concello de Ares, referentes ás expropiacións e ao custe dos bombeos da EDAR dende o ano 2014. Tamén veñen recollidas as horas extraordinarias que faltan por adeudar ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal, o GES. Hai tamén recollidas unhas taxas portuarias, que tamén estaban pendentes de pago, e algunhas facturas a mióres. En principio, bueno, está o expediente completo e ven ditaminado favorablemente pola comisión.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... abrimos un turno, palabras... non hai palabras. Bueno, pois entón pasamos á votación directamente. Pois votos a favor, en contra, abstencións.

Sometida a votación a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº. 8/2020, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 18.12.2020, o informe emitido pola intervención municipal en data 18.12.2020, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 23.12.2020, obrantes no expediente, por 12 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 4 EU-SON EN COMÚN) e 1 abstención (1 BNG), **ACORDA:**

Primerio.- Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da proposta formulada en data 18.12.2020, e que afecta a relación de A) FACTURAS que comenza co número de rexistro contable F/2019/397 a nome de EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A., por importe de 7.689,80 euros e remata co número de rexistro contable de factura F/2020/1417 a nome de COMUNIDAD DE PROPIETARIOS PETEIRO, NÚM. 7, MUGARDOS por importe de 23,08 euros, B) RECIBOS E LIQUIDACIÓNS, que comenza con recibo de data, 24.06.2019, a nome da SDC Galicia de Mugardos, por importe de 510,90 euros e remata co recibo de data 13.01.2020 a nome da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE EDUARDO PONDAL Nº 1, por importe de 1.013,77 euros, C) GASTOS DE PERSOAL, que comenza con Bernardo Maíz Bar, por imorte de 3.877,10 euros e remata co pago a realizar á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 13.378,56 euros, D) GASTOS DERIVADOS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN que comenza co gasto ao Concello de Ares, pola xestión do servizo público de explotación e mantemento



Concello de Mugardos
(A Coruña)

do sistema pertencencia á actuación de saneamento na zona Norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol novembro e decembro de 2014 por importe de 9.036,26 euros, e remata co gasto ao Concello de Ares, derivado de xuros abono xustiprecio Expropiación a Navantia S.A.SME por por importe de 2.542,85 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 8/2020 por importe máximo total de 362.429,99 euros. Os gastos e impuraránse (sic) maioritariamente (334.323,59 €) aos créditos dotados mediante o expediente de modificación de créditos MC 05/2020, e unha mínima parte aos créditos das partidas do orzamento vixente (28.105,74 €), os gastos son os que están incluídos na relación que figura no expediente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas que se relacionan no expediente, de A) FACTURAS que comenza co número de rexistro contable 2019/397 a nome de EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A., por importe de 7.689,80 euros e remata co número de rexistro contable de factura 2020/1417 a nome de COMUNIDAD DE PROPIETARIOS PETEIRO, NÚM. 7, MUGARDOS por importe de 23,08 euros, B) RECIBOS E LIQUIDACIÓNS, que comenza con recibo de data, 24.06.2020, a nome da SDC Galicia de Mugardos, por importe de 510,90 euros e remata co recibo de data 13.01.2020 a nome da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE EDUARDO PONDAL Nº 1, por importe de 1.013,77 euros, C) GASTOS DE PERSOAL, que comenza con Bernardo Maíz Vazquez, por imorte de 3.877,10 euros e remata co pago a realizar á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 13.378,56 euros, D) GASTOS DERIVADOS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN que comenza co gasto ao Concello de Ares pola xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencencia á actuación de saneamento na zona Norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol novembro e decembro de 2014 por importe de 9.036,26 euros, e remata co gasto ao Concello de Ares, derivado de xuros abono xustiprecio Expropiación a Navantia S.A. SME por por importe de 2.542,85 euros, sendo o importe máximo total de 362.429,33 €.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE RELATIVA Á CONTINUACIÓN CO SERVIZO DE COLABORACIÓN NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN RECADATORIA.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PSOE relativa á continuación co servizo de colaboración na prestación do servizo de xestión recadatoria, e o Pleno da Corporación, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 5 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar ao Goberno Local:



Concello de Mugardos
(A Coruña)

A continuar co servizo de colaboración na prestación do Servizo de Xestión Recadatoria durante un periodo mínimo dun ano co obxecto de non deixar aos veciños de Mugardos sen servizo ata completar o proceso de Delegación na Deputación Provincial ou na Oficina de Recadación Municipal acolléndose ás cláusulas do contrato de colaboración 22 e 20 anteriormente mencionadas, ou ben ata a data na que se adjudique un novo contrato de colaboración polo periodo indicado.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ao punto quinto que é moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PSOE relativa á continuación co servizo de colaboración na prestación do servizo de xestión recadatoria. Ten a palabra o poñente da moción.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Grazas. Boas tardes a todos e benvida a Irene Toimil a esta corporación, a este Pleno. Bueno, nós presentamos a moción... bueno, creo que está bastante explicado na exposición de motivos ¿non?, ven un pouco recollendo os informes de intervención dos últimos anos. Xa no informe da auditoria externa do ano 2014, que poñía no punto terceiro, apartado dous, indicaba xa que había uns saldos pendentes de cobro, e que para subsanar estas e outras deficiencias, tamén se dicía cales eran as solucións, como tomar medidas correctoras como o establecemento dun sistema de xestión, aplicacións informáticas, e dotación de medios, tanto persoais como materiais, incorporando un técnico administrativo no departamento de intervención. Logo no 2020, xa estando nós aquí, en marzo... o 11 de marzo do 2020, no informe da liquidación do ano 2019, no apartado 5.1.5 tamén se poñía de manifesto que a intervención, por parte da intervención, da necesidade de depurar os dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores; como se vía reflectido no informe se incrementara incluso estas partidas con respecto ao ano 2014, cando se fixo a intervención... constatábase polo tanto que nese periodo de seis anos as medidas non foron... ou non foron suficientes ou non foron adoptadas en ningún caso ¿non?. Logo e... tamén se facía referencia ¿non?, a parte de neses informes, se se adoptasen as medidas que se indicaban nos mesmos, pois aportando os recursos humanos e técnicos necesarios e suficientes para poder realizar un cobro dos impostos e das taxas correcto, pois se cumprían deste xeito os procedementos de xestión tributaria, que parece que non se cumpren correctamente ¿non?... Bueno e... simplemente nós na comisión de facenda do 6 de outubro, no cal o goberno pois formulábanos a posibilidade de que se delegasen estas... este cobramento de impostos á Deputación tribu... á Deputación Provincial de A Coruña, e visto que non quedou aclarado se tamén se faría o mesmo ou non coas taxas, dende logo non se expresa claramente, tal e como marca a lei ¿non?, ou sexa, debería ser explicitamente indicado cales son as taxas e impostos que van a delegarse, e como a data de hoxe pois aínda non se elevou a Pleno como debe de ser, dado que estamos a 30 de decembro, último día do ano, e que non se produxo ningunha delegación nin tampouco hai oficina de recadación preparada no Concello para asumir esta... esta xestión, pois entón instamos ao goberno a continuar co servizo de colaboración coa prestación do servizo a través da xestión da oficina de xestión de recadación durante un



Concello de Mugardos
(A Coruña)

periodo dun ano co obxecto de que os veciños de Mugardos non carezan deste servizo, que continúe manténdose este servizo ata que se complete o proceso, ou ben da delegación na Deputación Provincial ou ben á oficina de recadación municipal, acolléndose ás cláusulas do contrato de colaboración 22 e 20 que se mencionan na propia... na propia moción, ou ben ata que se adjudique un novo contrato de colaboración coa empresa que o ten agora mesmo contratado. Iso bueno, basicamente é a moción que presentamos e a poñemos a consideración do Pleno.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben. E... si, bueno, simplemente un matiz, en canto ao que acabas de comentar, simplemente e... no ano ese da prestación do servizo da propia empresa, o concurso que vaia a saír ou tal pode ser esta empresa ou outra calquera, refírome, non ten porque ser esta empresa, ten que saír un concurso e é evidente que hai liberdade de presentarse a calquera concurso público, como é natural. Bueno, en todo caso se hai algún... intervencións, primeiro turno, Gemino, Miguel e José Ángel.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu a intervención que vou a facer nesta moción pode servir perfectamente para as dúas mocións sobre a recadación, para esta que estamos debatendo agora e para a que se vai a debater a continuación. O certo é que aínda que as dúas mocións falan do mesmo, falan do servizo de recadación, o certo é que unha a vamos a votar en contra, que é esta, fundamentalmente porque fala de delegar o servizo de recadación na Deputación Provincial, algo no que nós non estamos de acordo, e a que se vai a debater a continuación pois a votaremos a favor, fundamentalmente porque recolle que o servizo de recadación permaneza en Mugardos, ben sexa cunha nova licitación, como viña sendo ata o de agora, ou ben a través dun servizo propio do Concello.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ben, bueno, en relación á apreciación do Alcalde, bueno, evidentemente claro... será la empresa adjudicataria a que gañe o concurso, é evidente e non pode ser doutro xeito ademais, creo. Non, bueno... eu na exposición de motivos que fixen, bueno, simplemente dicir que é unha especie de resumo ¿non?, un pouco do que estaba pasando por aquí durante estes anos anteriores, hai máis e... evidentemente, hai máis informes no mesmo sentido durante tódolos anos, o que pasa é que bueno, nós non estábamos, nin os meus compañeiros do Grupo Socialista, non estábamos na corporación nese momento e entón bueno, dicir que bueno, no 18 e no 17 tamén... se incluían nos informes de intervención que había uns importes que non se estaban... que non se estaban a cobrar, ou sexa, é unha información pública, a pode ver calquera, que hai unhas contías que non se cobran e unhas porcentaxes que non se están a cobrar correctamente ¿non?. Isto o que pon de manifesto é que hai un problema na xestión da recadación municipal, é evidente. Ese problema non é un problema novo, e é un problema que deriva desas deficiencias que están expresadas e que todos coñecemos. A min paréceme moi estraño que haxa grupos, como a intervención que facía agora o Bloque ¿non?, que entendan que a xestión está correcta e que siga todo igual, e que lles parece ben, e que o mesmo... na propia comisión deste mesmo mes o Bloque pois preguntaba porque non se estaba... porque se estaban atrasando o cobramento



Concello de Mugardos
(A Coruña)

das taxas da auga, os recibos que eran estimados, tamén fixeron... preguntaron porque os padróns do SAF non se publicaran, etc, ¿non?, e como isto outras cuestións. Sabemos que os padróns da auga non están depurados, que faltan contratos... veciños que non teñen o contrato vixente, ou vivendas ou domicilios que non teñen o contrato vixente, que xa se fixeron estudos neste Concello para depuralos, pero non se tramitou finalmente nunca. Sabemos que as taxas do GES non se están a cobrar, tamén hai recibos... os recibos, xeralmente, de casi tódalas actividades se están cobrando con retraso, iso tamén prexudica aos veciños, é un prexuízo, aquí as actividades rematan en maio e acábanse de pagar en outubro. Ou sexa, a xente... isto é un problema para os veciños na rúa... eu... claro, entender que todo vai ben, dicir que todo vai ben... bueno... que a empresa levaba máis de trinta anos traballando e que o estaba a facer moi ben, bueno, pois eu si, leva máis de trinta anos traballando pero seguramente está traballando moi parecido a como se traballaba fai trinta anos. Entón iso o hai que actualizar, non se cobran os recibos con tarxeta, por exemplo, en oficina... eu entendo que... independentemente de que a xestión se realice a través da empresa ou que se realice a través da Deputación ou de persoal propio do Concello, si que creo que hai que cambiar o procedemento de cobramento neste Concello, independentemente despois de que se cobre unha porcentaxe maior ou menor, bueno, iso xa sería outra cuestión que tamén non deixa de ser importante, pero... pero creo que o servizo que se está a prestar aos veciños é moi mellorable neste Concello agora mesmo. E bueno, simplemente comentar tamén que do que se trata, e do que tratamos nós, e o que levamos no noso programa, é de que se avance, que o Concello traballe mellor, que os veciños teñan un mellor servizo e nesa liña é na liña que nós imos ¿non?

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Grazas. Bueno, nós adiantar que vamos a votar a favor da moción. E vamos a votar a favor da moción porque... isto xa o expliquei nunha comisión de facenda, pero xa que se traen dúas mocións ao Pleno, vouno a relatar tamén no Pleno para que conste en acta a tódolos efectos oportunos que poidan derivarse da delegación ou do que saia. Vamos a ver, nós o día 10 de agosto do ano 2016 ten lugar o primeiro informe da intervención municipal da Conta Xeral a cal notifica que existen incobrados no Concello e que non se está a aplicar o período executivo. O período executivo, isto é, embargos en conta, non se están reclamando os recibos que non se pagan e chega un punto da tramitación do período executivo que non se recada. Entón hai veciños, que se diferencia veciños de primeira e de segunda. Os veciños que pagan rigurosamente tódolos recibos, día tras día e mes tras mes, e os que non pagan non pasa nada. Entón, isto unha administración pública non o pode permitir e non se pode permitir, e xa non vou a entrar a falar se é legal ou non é legal, ese non é o meu labor aquí como concelleiro de facenda, pero dende logo non se pode permitir. O que non se pode permitir tampouco é ter problemas aquí no Concello, facia mención o voceiro do Partido Socialista, a que estamos aquí para mellorar os servizos; nós non podemos ter aquí no Concello a funcionarios reventados de documentación, con pilas e pilas e quilos e quilos de papel, de tramitación de expedientes de exencións de rodaxe, de taxas, de pagos de recibos... miren, voulles a poñer un exemplo, esta mesma semana estou facendo... estiven mirando... desatascando ahí unha devolución dun recibo que ven do ano 2016, do ano 2016 unha



Concello de Mugardos
(A Coruña)

devolución dun recibo. Home, eu penso que isto non é o que queremos todos os que estamos nesta corporación, que é mellorar os servizos públicos e mellorar a calidade da vida dos nosos veciños. Nós e... ¿por que queremos delegalo na Deputación?, principalmente, primeiro, porque á vista está o informe de intervención, aumentamos os ingresos sen tocar os impostos, punto número un. O Concello tería máis fondos para facer máis política social, para facer máis política coa veciñanza sen ter que tocar un só imposto. Segundo, melloraríamos a atención ao cidadán, por suposto, porque teríamos á nosa disposición ao persoal da Deputación de A Coruña para solucionar tódolos problemas que existiran, e entendo que hai xente... agora estea dando coa cabeza dicindo que iso é mentira, non, é que é verdade. E que por iso mesmo Mugardos é o único Concello de 5.000 habitantes da Provincia de A Coruña que non ten delegada a recadación na Deputación; algo terá este dato, que creo que é importante, creo que é importante, porque tódolos concellos que o teñen delegado na Deputación... ten que estar funcionando ben porque ningún quere volver a ter unha recadación propia. Falamos tamén acerca de... máis entrando en cuestións quizais máis técnicas referente ao que ven sendo a xestión tributaria. Entrando a falar da xestión tributaria, de como é esa xestión deses recibos, nós no Concello a día de hoxe non podemos mirar aos nosos funcionarios, que son empregados públicos, non poden mirar os recibos dos veciños para saber si están ao corrente ou non están ao corrente, para saber se deben algo ou non deben nada, non temos control, porque ademais no prego de prescricións... no mes de abril eu mandei unha carta á propia empresa notificando unha serie de deficiencias que atopei despois de ler os pregos, e entre elas figuraba que non se instalou unha aplicación, que ven recollida no propio contrato, para ter acceso a esa información dende o Concello. Nós non temos esa información, a ten a empresa. Entón iso tampouco o compartimos. Ao igual que tampouco compartimos que hai unha parte que di a propia normativa, que ponse de manifesto en tódolos informes, que é que a xestión ten que ser pública, ten que ser pública, dos tributos municipais, outra cousa é a colaboración. Por iso o contrato é un servizo de colaboración na recadación, non é un servizo de recadación, a recadación ten que ser pública, o di a lei. Entón, se ten que ser pública, eu o que non acabo de entender é porque principalmente dous partidos que tamén se din de esquerdas están en contra de delegar unha recadación dunha empresa privada a unha entidade pública, que está xestionada por funcionarios e por persoal público que pagamos tódolos cidadáns. ¿Que vai ser un ano complicado?, por iso estamos a favor desta moción, porque é certo, o maduramos, o pensamos e hai que recoñecer os erros, hai un erro que era que si facíamos a delegación o Concello non tiña o persoal suficiente para ofrecer un servizo de calidade. E falamos coa Deputación e estivemos falando ata o último minuto, ata a semana pasada. E finalmente dixemos, vamos a facer as cousas ben, ¿un ano?, un ano, que é a proposta que se pon aquí enriba da mesa, ao goberno parécelle lóxico e parécelle unha boa opción para comezar a instaurar procedementos, comezar a instaurar un sistema de recibos que os veciños poidan vir aquí e atender os recibos, que se podan imprimir aquí eses recibos, ter unha atención e ter un control real da nosa recadación, porque non o temos, non o temos. Xa non estou entrando a falar das conversas da empresa con anteriores responsables deste Concello, nin dos motivos polos cales non se facía o cobro executivo, nin de que haxa 1.400.000 euros sen recadar... diso xa non vou a entrar nin a falar, diso tocará falar cando toque. Pero o que ven sendo a xestión tributaria deste Concello ten que ser pulcra e ten que ser unha recadación que os funcionarios poidan controlar e que aos veciños... e que sexa doada



Concello de Mugardos
(A Coruña)

para os veciños. E nós entendemos que unha recadación pública, pública xestionada por un servizo público, é mellor que unha empresa privada que en base aos propios mantras que vostedes defenden, soamente busca un beneficio, e o público non pode ser beneficio.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno e... se algún grupo quere un segundo turno abrimos un segundo turno. Si, Gemino solicita un segundo turno, entón, ¿palabras?. Gemino e vosoutros dous. Bueno, pois repetimos outra vez. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu creo que as intervencións dos grupos deberían recollerse máis ou menos literalmente, porque eu non creo que da intervención que acabo de facer se poida deducir que o BNG dixo que o servizo de recadación era perfecto, porque eu iso non o dixen. O único que dixen é que votábamos en contra desta moción porque propoñía a delegación... ou contemplaba a posibilidade de delegar o servizo de recadación na Deputación Provincial, algo co que non estábamos de acordo, iso por unha banda. E por outra banda, tratar de meter no mesmo saco de todos os defectos que terá o servizo de recadación, pero tratar de meter no mesmo saco a pregunta que fixo o BNG sobre o retraso que había nos padróns e nos recibos do auga, e tratar de meter todo iso agora no saco dos defectos do servizo de recadación paréceme increíble; outros defectos terá, pero concretamente o deste padrón e recibos do auga non.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, en realidade non creo que metese nada no mesmo saco ¿non?, eu simplemente vexo a recadación municipal como un todo. Eu son... como usuario, eu creo que non teño porque saber quen ten que xestionar un tema ou quen outro, si é unha empresa, si é un persoal municipal... isto ao fío un pouco tamén do que dicía o concelleiro do Partido Popular ¿non?, eu non sei si teñen moito traballo ou pouco traballo, dende logo o traballo... ou sexa, un resultado positivo para o veciño non o obtén... porque o que se atopan os veciños... os problemas é o veciño; o que ten que reclamar e vai á oficina a reclamar e non se lle da unha solución rápida é o veciño. O que quere pagar os seus impostos e non pode ou a súa taxa e non pode porque non está o seu documento aínda preparado e tal é o veciño. Eu non sei se iso é unha cuestión .. quen o ten que facer, nin me importa, a verdade. Nós o que queríamos é aclarar simplemente cal é a situación do servizo a data de hoxe. Non está... ou sexa, o contrato da empresa remátase, non está delegada na Deputación, non hai unha oficina de recadación municipal, e o que propoñemos na moción é que se dea unha estabilidade, cando menos durante un ano, que saibamos o que vai a pasar cos impostos municipais. Simplemente é iso ¿non?, e logo... pois eu calquera problema que haxa coas taxas municipais eu considero que é un tema de recadación municipal, independentemente de quen o teña que xestionar.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, parece mentira que o vaia a dicir eu nun Pleno, pero tranquilidade. Haber, hai unha cousa referente aos... ao tema dos padróns. Recadar... delegar




Concello de Mugardos
(A Coruña)

unha recadación non é simplemente recadar ou xirar un recibo. Delegar a recadación na Deputación equivale a que o persoal de secretaría e de intervención non tería que estar revisando todos eses escritos, todas esas alegacións, todos eses recibos, todas esas exencións e todas esas bonificacións... todo iso o faría a Deputación. E nós, aínda que puidéramos ter unha ducia máis de funcionarios nunca teríamos a capacidade que ten a Deputación, que leva facendo isto anos, que ten os sistemas mallados, que coñece perfectamente como se funciona todo este trámite, e que a nós aquí no Concello descargaríanos moita carga de traballo do noso persoal, que se podería dedicar a facer máis tarefas municipais e máis tarefas para mellorar os servizos. A idea que ten o goberno é a de buscar ese equilibrio; buscar ese equilibrio de atender aos veciños, de tenderlles a man, de mirar os seus recibos e solucionar os seus problemas e o dunha administración áxil. Porque agora mesmo nós non somos áxiles. Non pode ser que a finais de 2020 esteamos solucionando un recibo de 2016. E fai non poucos días tamén por unha... por un tema de permisos, dunhas taxas tamén, dende o ano 2018. Entón, non somos áxiles, e iso temos que entonar, creo que aquí tódolos concelleiros coñecemos como funciona a administración e creo que temos que facer algo para mellorar esa xestión, para mellorar a calidade do veciño, que diga, jobá, pois vou o Concello e vai como un tiro, nunha semana solucionáronme esta alegación ou este tal. Iso é o que temos que demostrar. E nós cremos que esta delegación, e xa deixando a parte, volvo a dicilo, que aumentamos ingresos sen tocar os impostos, que iso é importante, sobre todo nun ano, que vai a ser o 2021 que vai a baixar a aportación do Estado ás arcas municipais e que van a baixar os ingresos das administracións públicas, as contas do Concello, creo que isto é algo moi importante a ter en conta. Porque por suposto nós non... vamos a buscar... vamos a buscar tódalas solucións que teñamos na man pero non vamos a facer unha subida de tributos, vamos a facer o imposible. E se dentro desas solucións que hai pois está a de delegar esa competencia na Deputación, pois a nosa obriga, como goberno, é estudala, e á vista dos informes vese que é positiva. Pois nós, a nosa intención.... nós tendemos a man e negociamos e falamos todo o que queirades, o que non vamos a facer e estar poñendo sempre paus nas rodas ou mirando sempre para... é que falta, é que falta, é que falta, é que falta... faltan moitas cousas neste Concello, moitísimas. E neste ano que levo de concelleiro de facenda dinme conta de bastantes, sobre todo control, faltou moito control no eido económico, e precisamente isto, delegar isto na Deputación garantiza ese control; un control que dende logo, á vista está, e mirando para tódolos anos atrás, dende a auditoría do ano 2013 ata agora, foi un control que non se puido realizar, e xa non entro a falar se era unha decisión política ou non, simplemente que non se puido facer. E hai que dotar a esta administración, que é o Concello de Mugardos, dos medios necesarios para poder facelo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois rematamos o segundo turno, ¿queres pechar a moción José Ángel?. Si.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Si, grazas. Nada, bueno, simplemente xa por pechar un pouco ¿non?, a moción, a delegación á Deputación da xestión da... disto, dos impostos e tal ten que vir a Pleno, ou sexa, sería outro Pleno ¿non?. Aquí o que estamos presentando nesta moción é precisamente o contrario ¿non?, que se mantéña a empresa durante un ano a través dun contrato ou das cláusulas... eu non lle vou a dicir ao goberno



Concello de Mugardos
(A Coruña)

municipal como ten que facer isto, evidentemente pois eles si asumen a moción, e o queren facer, pois terán que eles buscar tecnicamente como facelo, nós simplemente o estamos a pedir, que se manteña a recadación por un prazo mínimo dun ano coa empresa, que vai a rematar o contrato o día 2, se non ten contrato, a data de hoxe, co cal pois dar, digamos, que unha seguridade tanto ao persoal desa empresa coma aos veciños que teñen que cobrar... que teñen que pagar os seus recibos durante este ano 2021 ¿non?. Entón ese é realmente o debate ¿non?. Cando se fagan alegacións, si se chegan a facer, pois será outro Pleno no que teremos que discutir esa cuestión. Entón bueno, simplemente sinalar iso, que o que se está a votar non é que se vaia a empresa... que se quede a empresa, e que se vaia á Deputación ou non. O que se está votando é que o Concello pois tome as canles oportunas para que a empresa se manteña como mínimo un ano máis mentres se... digamos, se regulariza a situación da recadación neste Concello. Non sei si convenzo a alguén... non sei.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, simplemente unha cuestión de... de aclaración. Imos ver, a empresa non remata o día 2, é dicir, o contrato remata o día 2, pero tódalas empresas teñen que continuar, e así os seus pregos de condicións o poñen, teñen que continuar ata que haxa unha nova licitación e ata que se poida garantir a transmisión de tódolos datos e información que teñen sobre este Concello, polo tanto non é que collan e digan o día 2 acabou o contrato e ímonos para a casa. Teñen unhas obrigas contratuais, que están perfectamente delimitadas nun prego, e non poden abandonar a xestión así como así. Polo tanto a prestación do servizo está garantida en xaneiro porque teñen unha obriga legal de facelo. Non, non... por iso... non quero simplemente aclaralo, para que... para o que non o queira saber non está en perigo que o día 2 non poida seguir, porque se así fose pois teríamos unha querela ao día seguinte contra a propia empresa, é dicir, hai que manter un servizo público ata que haxa unha nova adjudicación ou haxa un novo contrato. Iso quero simplemente deixalo claro. Bueno, pasamos entón á votación da moción. Votos a favor, en contra... vale, bueno, queda aprobada a moción entón.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN RELATIVA A GARANTIR A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECADACIÓN MUNICIPAL EN MUGARDOS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao punto sexto, que é moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común relativa a garantir a prestación do servizo de recadación municipal en Mugardos. Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, boas tardes a todos e todas. Vou a anunciar xa que vamos a retirar a moción, dado o debate da moción anterior e do resultado da votación. De tódolos xeitos antes de retirala nos gustaría dicir un par de... un par de cuestións. En primeiro lugar lamentamos profundamente que nas comisións... nas dúas últimas comisións de facenda, tanto do día 18 de decembro como a extraordinaria do 23 de decembro, non se teña incorporado como punto da orde do día a comunicación que se lle manda á empresa, comunicación que está no rexistro de saída, aínda que non o seu contido, e que ademais fala de condicionantes



Concello de Mugardos
(A Coruña)

para a prestación dese servizo. E en segundo lugar podería estar solventado tamén na Xunta de Voceiros, si o Alcalde o incorporara, tamén esta información para que tódolos grupos puidéramos saber cal era a intención do goberno municipal, unha vez que non se completou a delegación á Deputación Provincial e o contido exacto da delegación á Deputación Provincial, e que polo tanto dar a seguridade, como concelleiros que somos, non só do servizo senón do tipo de servizo que se vai a prestar e durante canto tempo. É obvio que o contido da moción, na súa parte resolutoria non falaba de tempo, nin sequera da continuidade da empresa, creo que xa llo aclarou o Alcalde ao portavoz do Partido Socialista, estamos falando dun servizo, non estamos falando da empresa, é obvio que si hai novo prego de licitación os traballadores teñen que ser subcontratados... teñen que ser subrogados, perdón, e polo tanto iso quedaría garantizado, pero de tódalas formas a nós o que nos preocupa é o servizo que poidan ter os veciños. Si me gustaría, unha vez que xa dixen que a ía a retirar, que aínda que está convocada a comisión de facenda, creo que é do día 5, e dado que está convocada a sesión ordinaria, se incorporara como punto pola vía da urxencia a documentación que lle reenviou o Concello á empresa e a posible resposta ou non da empresa e polo tanto cal é a previsión sobre a oficina da... do servizo de recadación municipal.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale. ¿Que?. Bueno, pois... é igual, si queredes falar da cuestión fálase igual. Bueno, pois en todo caso, como hai... bueno, hai unha solicitude de retirada da moción pois damos por retirado o asunto do Pleno e xa se falará en comisión deste asunto ¿vale?. Se retira polo tanto a moción de Esquerda Unida.

Faise constar que pola relatora do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son En Común no presente punto da orde do día tense retirado a moción, á vista do debate e resultado obtido pola moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PSOE relativa á continuación do servizo de colaboración na prestación do servizo de xestión recadatoria, e que figura incluída no punto número 5 da presente orde do día, solicitando, así mesmo, que se incorpore, como punto pola vía de urxencia, á sesión da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá convocada para o día 05.01.2021, a documentación que lle reenviou o Concello á empresa e a posible resposta ou non da empresa e polo tanto cal é a previsión sobre a oficina do servizo de recadación municipal.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN RELATIVA A NECESIDADE DE HABILITAR AS FÓRMULAS NECESARIAS PARA EVITAR A ESPERA DOS/AS DOENTES FÓRA DO CENTRO DE SAÚDE PARA SER ATENDIDOS.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común relativa á necesidade de habilitar as fórmulas necesarias para evitar a espera dos/as doentes fóra do Centro de Saúde para ser atendidos, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:



Concello de Mugardos
(A Coruña)

1.- Que se transmita ó Xerente da Área Sanitaria e á Coordinadora do Centro de Saúde a necesidade de habilitar as fórmulas necesarias para evitar a espera dos/as doentes fóra do Centro de Saúde para seren atendidos.

2.- Que o Concello de Mugardos asuma, aínda non sendo da súa competencia, a implantación de cantas actuacións sexan necesarias para evitar a espera das/os doentes fóra do Centro de Saúde.


DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos entón ao punto sétimo, moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común relativa á necesidade de habilitar as fórmulas necesarias para evitar a espera dos ou das doentes fóra do Centro de Saúde para ser atendidos. Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. González Lorenzo: Hola, boa tarde a todas e a todos. Ben, creo que a exposición de motivos xa non hai que lela porque é algo moi evidente, calquera que use o Centro de Saúde de Mugardos ou calquera centro de saúde, estamos vendo como as esperas, as agardas, teñen que ser fóra por culpa do COVID, estamos vendo como están sendo actualmente con este tempo, e o que é certo é que non poden seguir esperando á intemperie para entrar, sobre todo os días de extraccións ou os días de control de sintrom, que é cando se xuntan maior número de persoas a primeira hora no Centro de Saúde. Creo que é a nosa obriga intentar que estas listas... estas agardas non se fagan fóra do Centro, intentalo por tódolos medios, ademais no noso Centro, por culpa do retraso das obras, un espazo moi importante onde se podía agardar antes dentro dos coches pois agora non se pode utilizar, e cando veñan agora as próximas vacinacións do COVID, que tamén esperamos que sexa pronto ¿non?, vanse a producir outra vez listas. Entón algo non está funcionando na organización para que isto estea sucedendo. Por iso a moción ao que insta é que se transmita ó Xerente da Área Sanitaria e á Coordinadora do Centro de Saúde a necesidade de habilitar as fórmulas necesarias para evitar a espera dos doentes fóra do Centro de Saúde, e que o Concello de Mugardos asuma, aínda non sendo da súa competencia, a implantación de cantas actuacións sexan necesarias para evitar a espera dos doentes e das doentes fóra do Centro de Saúde.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois nada, abrimos un turno de intervencións, ¿palabras?. E... José Ángel... Gemino e José Ángel.

Sr. Varela Filgueiras: E... bueno, nós dicir simplemente que imos a votar a favor desta moción, fundamentalmente porque recolle algunha das inquiredanzas que tiña o Bloque Nacionalista Galego cando fixo diversas preguntas e propostas no... en diversas comisións de benestar, en canto a facilitarlle a espera a tódalas persoas doentes no Centro de Saúde. E aínda que tamén é certo que algo que vai nesta moción xa tamén estaba recollido na moción que presentou o BNG, creo que no Pleno do mes de outubro, en canto á reactivación da asistencia



Concello de Mugardos
(A Coruña)

sanitaria, e que no puntto sexto creo que dicía, levar a cabo as medidas necesarias para que os doentes puideran agardar o seu turno nas mellores condicións posibles... como digo, esta moción, que foi aprobada por maioría no Pleno, creo que 8 votos a favor e 5 en contra, e a día de hoxe está claro que ese punto, como mínimo, está sen cumprir. Entón por iso digo, é algo que reclamaba o BNG tanto nas comisións coma nesa moción e polo tanto vamos a votar a favor.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben. José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Si, pois nós tamén imos a votar a favor da moción. Si que efectivamente tanto no horario de sintrom como... no de análise e sintrom, coma na xestión habitual do Centro de Saúde, como non permiten a espera dentro pois... é dicir, os veciños teñen que esperar na porta e aínda por riba manter a distancia, e sabendo que hai pouco espazo... entendemos que si, que sería unha boa opción que se habilitase un espazo para a espera en mellores condicións. O punto dous non o entendemos moi ben, o da competencia, si é competencia municipal ou competencia sanitaria o do tema de... de poñer unha carpa fóra, na rúa, si que efectivamente o permiso é a Consellería o que o ten que dar, pero bueno, non sei... non entendo moi ben o tema das competencias... non o temos moi claro o tema das competencias. Pero bueno, aínda así entendemos que é unha necesidade e imos a votar a favor da moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se algún grupo pide un segundo turno... Miguel, si. ¿Palabras no segundo turno máis?. Nada máis. Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, nós a parte de... bueno, de que o Concello asuma, aínda que non sexan da súa competencia, a implantación de cantas actuacións sexan necesarias para evitar a espera dos doentes fóra do Centro.... bueno, nós cedimos o Centro de Saúde ao SERGAS, polo tanto xa non é competencia municipal. Pero si tamén é certo que compartimos o fondo, compartimos a preocupación e compartimos o posicionamento da moción. Tamén é certo que somos conscientes de que no caso de tomar unha solución, existe a posibilidade de que ao non ser da nosa competencia que por parte dos servizos tanto de intervención coma de secretaría se nos diga e... isto non é da competencia, existe un reparo. Non obstante bueno, sendo conscientes de todo isto, falouse por parte do Alcalde co Xerente da Área Sanitaria tamén, e tamén coa... por parte da concelleira de benestar coa encargada do Centro de Saúde. E referente ao tema das esperas eles argumentan que dentro do Centro de Saúde hai capacidade para que a xente espere, porque as esperas danse a determinadas horas, o que pasa é que hai xente que vai antes de que lle toque a cita e... pois agólpase a xente... esa foi a versión que eles nos deron. Non obstante nós si que cremos que se podería por parte do SERGAS facer algo máis e estamos abertos a isto, a... pois a facer unha demanda conxunta dende o Concello e que habiliten algún punto no contorno do Centro de Saúde pois para... para que non haxa xente no exterior. Así que polo tanto votaríamos a favor da moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... esgotado xa o turno de intervencións pasamos a votar a moción. Ah... pero queres pechar, perdón... si, si. Pecha si.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sra. González Lorenzo: E... haber, as competencias en sanidade efectivamente... o edificio foi o que cedimos ao SERGAS, o resto xa o tiñan. Ben, e... competencias... é evidente que tamén en moitos sitios os propios concellos para que os seus veciños non agardaran fóra puxeron en marcha medidas para tal, igual que se puxo aquí unha carpa no colexio tamén, ¿non?. E logo tamén para nós tamén é evidente que hai unha... un fallo na organización do Centro de Saúde para que se produzan esas agardas fóra de todo o mundo ao mesmo tempo. Xa sei que... poden botarlle a culpa a que... os pacientes veñen antes de tempo... bueno, eu ademais son sanitaria, organiciei un centro de corenta... para poboación de 40.000 habitantes... hoxe en día non agarda ninguén á hora das análíticas, e se fan 150 ao día. Entón por iso digo, si fai falla eu tamén me presto voluntaria para ir a falar e arreglar esas cousas. E tamén é certo que os concellos incluso prestaron para poder marcar espazos... persoal técnico que lles axudou. Por iso de aí iso... se non o fan ou non o queren facer, bueno, por iso o Concello, aínda que non sexa da súa competencia, poña todo o que poida para evitar estas esperas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, moi ben, moitas grazas. Bueno, pois agora si votamos entón a moción, votos a favor. Unanimidade, ¿vale?. Queda aprobada a moción.

8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 1015/2020, 1108/2020, 1109/2020, 1110/2020 E 1111/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ao punto oitavo que é dar conta das resolucións da alcaldía números 1015, 1108, 1109, 1110 e 1111 do 2020. Se hai algunha cuestión... senón pasamos ao punto noveno.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

- **Resolución da alcaldía núm. 1015/2020, de 24.11.2020**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde.
- **Resolución da alcaldía núm. 1108/2020, de 17.12.2020**, sobre delegación de competencias en membro da corporación municipal.
- **Resolución da alcaldía núm. 1109/2020, de 17.12.2020**, sobre delegación de competencias en membro da corporación municipal.
- **Resolución da alcaldía núm. 1110/2020, de 17.12.2020**, sobre delegación de competencias en membro da corporación municipal.
- **Resolución da alcaldía núm. 1111/2020, de 17.12.2020**, sobre delegación de competencias en membro da corporación municipal.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 999/2020 Á 1132/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): Punto noveno que é dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros e concelleiras delegadas dende o anterior Pleno Ordinario, resolucions que van dende a 999/2020 á 1132/2020, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 999/2020 á 1132/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, e pasamos a... creo que non hai mocións por urxencia. ¿Equivócome?, non, non hai. Vale.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pois entón pasamos ao punto décimo, rogos e preguntas. Creo que preguntas non hai pero se alguén ten un rogo que... que... Gemino ten rogos, Gemino, Lola tamén e José Ángel, ¿ti?, si. ¿Alguén máis?. Non, estamos os tres. Pois e... ben, e... José Ángel... Gemino, perdón, Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Bueno, eu simplemente rogaría si se pode mirar de solucionar dalgunha maneira o problema... agora mesmo creo que hai un... dous focos fundidos, o problema do alumeado na Xesteira, que entre que os focos están fundidos e que as beirarrúas están mal e hai que andar ás escuras esquivando os excrementos dos cans, e no momento en que esquivas o excremento do can méteste nunha baldosa da esa que salta, e entón aquilo está converterse nun rally perigoso, non para min, que eu máis ou menos tal, pero para a xente maior que pasa por alí estase a convertir nun desastre.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, moitas grazas. E... Lola... perdón, José Ángel. Imos por orde.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Vale, grazas. Nós queríamos comentar que xa se anunciou que se ían a ampliar as prazas... do tema do comedor escolar estou falando, perdón, co tema de que ía... que se ían a poder ampliar as prazas tamén, imos a facer o rogo de que tamén se amplíe o horario un pouco porque parece ser que o horario está moi comprimido e que algúns nenos pois non poden... que non lles da tempo a comer e van coa comida na boca... saen da escola así moi apurados. Entón haber si se podía volver a ampliar o horario para... para o horario que tiñan por exemplo no curso anterior. E nada, felicitarvos o Fin de Ano a todos.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, grazas. E... Lola.

Sra. González Lorenzo (que traducido di): Si, haber, dous rogos. Un, xa no 2019 se manifestara a necesidade de modernizar as estanterías e o mobiliario do arquivo municipal na súa nova localización. De feito fórase a unha subvención da Consellería de Cultura que non foi concedida. En febreiro deste ano aprobouse no Pleno unha modificación de crédito que contemplaba 23.000 euros para a compra destas librerías móbiles; en xuño, que se retrasou tamén polo da pandemia, o BOP publicaba a aprobación definitiva desta modificación. Rogamos que se leve a comisión o expediente correspondente para a adquisición destas librerías móbiles para a adecuación do espazo do arquivo municipal. Ese é un dos rogos. E o segundo rogo, agora estamos en navidades, temos actividades no Centro de Interpretación do Caldoval, e rogo por favor encarecidamente que se leve a cabo un correcto mantemento, tanto do que son as instalacións como da estrutura do Centro de Interpretación, comezando polas súas bombas de achique, continuando polo resto da instalación, e así como a zona exterior, porque a zona exterior leva cunha iluminación apagada xusto na entrada do Centro, tres ou catro farolas, pois debe levar tres meses máis ou menos, e esta é a iluminación, non se ve nin sequera a pista de Belén Toimil, non se ve nada, está... entón rogo por favor que se leve a cabo o mantemento do Centro de Interpretación.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, tomamos en consideración iso. Simplemente para pechar xa, desexar un bo peche de ano a tódolos membros da corporación e que o ano 2021 sexa mellor que o do 2020. Grazas a todos e saúde para o ano que ven.

E sendo as vinte horas e dezaoto minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE